

RESOLUCIÓN REITORAL DO 4 DE FEBREIRO DE 2025, POLA QUE SE APROBAN AS LISTAS PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2022.

De conformidade co disposto na Resolución reitoral do 14 de xuño de 2024, pola que se convocan de axudas do Fondo Social 2022 (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1353>),

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro.- Publicar a presente resolución pola que se declaran aprobadas as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas correspondentes á convocatoria de axudas do fondo social 2022.

Segundo.- As listas provisionais de admitidos e excluídos estarán a disposición das persoas participantes na Secretaría Virtual da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal>). As persoas participantes na convocatoria terán acceso restrinxido ás listaxes.

Terceiro: De conformidade coa base undécima da convocatoria, as persoas excluídas e as omitidas por non figurar na lista de solicitudes admitidas, nin na de excluídas, disporán ata o día **20 de FEBREIRO de 2025** para a corrección de erros e/ou emenda de defectos.

As persoas solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de admitidas, quedarán definitivamente excluídas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR,
Manuel Joaquín Reigosa Roger
Asinado dixitalmente

A TODO O PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

